



Concello de Boiro

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA.

Expediente PLN/2019/13.

LOGO DE VER os procedementos concluídos a disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2.A) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

Visto que a realización das sesións plenarias ordinarias está fixada para o segundo xoves de cada mes, segundo o acordo adoptado a este respecto polo Pleno da Corporación na sesión do 12/07/2019.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o **XOVES 10 de OUTUBRO de 2019**, ás 20:00 horas a 1ª convocatoria (a 2ª convocatoria á mesma hora dous días hábiles despois), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

A) Parte resolutiva

- 1.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 11/09/2019.
- 2.- Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/GRUPO MIXTO do 30/08/2019 (NRE 9215) para o establecemento dunha liña de axudas para a compra de libros e material escolar e ó aumento de prazas con dereito a axudas nos comedores escolares.
- 3.- Moción do grupo municipal do BNG do 27/09/2019 (NRE 10377) relativa á ampliación e mellora do ximnasio da piscina municipal e o modelo de xestión da instalación.
- 4.- Moción do grupo municipal do BNG do 27/09/2019 (NRE 10378) relativa ó estacionamento de vehículos na rúa peonil.

B) Actividade de control.

B.1.- Toma de coñecemento de resolucións da Alcaldía.

C) Mocións de urxencia.

D) Rogos e preguntas.

SEGUNDO. Que se lle notifique esta resolución ós membros da corporación e se publique anuncio desta resolución no taboleiro de edictos en papel e telemático deste concello.

TERCEIRO. Desta resolución daráselle conta ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que este órgano realice.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 54XX4S7TNC9AD7PGJLHKAEM | Corrección: <http://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Boiro

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.
Documento asinado dixitalmente.

José Ramón Romero García (alcalde).
Severino Abalo Chouza (secretario xeral accidental).

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 54AX4S7TNCA9DA7PGJLHKAEIM | Corrección: <http://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2